

3ª ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RÍA DE MUROS-NOIA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO NOVOS MODELOS PARA A SUSTENTABILIDADE E A COMPETITIVIDADE TURÍSTICA NA RÍA DE MUROS NOIA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que a Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 31 de maio de 2026 dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a modificación do convenio asinado no relativo ó incremento do importe subvencionable.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro. O 28 de novembro de 2022 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística do Litoral da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

Con data 7 de setembro de 2023 asinouse unha addenda necesaria relativa á inclusión e aclaración da figura da entidade executora.



Con data 27 de decembro de 2024 asinouse outra addenda que modifica o convenio asinado o 28 de novembro de 2024 no relativo ó número de reunións da comisión de seguimento, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

Segundo.- A Secretaría de Estado de Turismo transferiu o 24 de marzo de 2022 os fondos correspondentes ao Plan Territorial de Turismo de 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo entre os seus beneficiarios ao Concello de Baiona.

O 7 de marzo de 2024 o Concello de Baiona remitiu á Axencia de Turismo de Galicia a Resolución da Alcaldía de Baiona número 2024-473 para a posta en coñecemento da renuncia ao Plan de Sustentabilidade Turística en Destino e tramitación do reintegro dos fondos. O 5 de abril de 2024 a Axencia de Turismo remite o Concello de Baiona o escrito de aceptación da renuncia.

A Axencia de Turismo de Galicia en reunión bilateral de 14 de abril coa Secretaría de Estado de Turismo pon en coñecemento a aceptación da renuncia do Concello de Baiona e solicita a valoración das posibilidades de reasignación de fondos no Plan Territorial.

Mediante reunión bilateral de 30 de maio de 2024 entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia traslada que, unha vez valoradas as posibilidades de reabsorción dos fondos reintegrados por Baiona polas demais intervencións que compoñen o Plan Territorial do 2021, e despois de informar ás restantes entidades locais beneficiarias das posibilidades de incrementar os seus respectivos plans, mediante a reunión do 15 de maio de 2024, a Axencia de Turismo de Galicia recibe propostas de incremento do orzamento nos seguintes PSTD e ACD:

- PSTD Cidade de Marín.
- PSTD novos modelos para a sustentabilidade e competitividade turística na Ría de Muros Noia.
- PSTD Condado Paradanta, Unha Terra entre Ríos.
- PSTD Fragas do Eume.
- ACD – Senda Litoral de Galicia.



Sobre a base de tales consideracións, a Secretaría de Estado de Turismo solicita á Axencia de Turismo de Galicia a remisión da proposta de redistribución de fondos do Plan Territorial 2021.

Mediante escrito presentado o 7 de xuño de 2024, a Axencia de Turismo de Galicia solícítalle á Secretaría de Estado de Turismo que, con motivo dos fondos reintegrados polo Concello de Baiona, e de conformidade ás propostas recollidas no mesmo, realice os trámites oportunos para a aprobación da seguinte reasignación no marco do Plan Territorial do litoral de Galicia 2021:

- PSTD Cidade de Marín: 300.000 euros adicionais. Total asignación: 2.300.000 euros.
- PSTD novos modelos para a sustentabilidade e competitividade turística na Ría de Muros Noia: 310.000 euros adicionais. Total asignación: 2.310.000 euros.
- PSTD Condado Paradanta, Unha Terra entre Ríos: 600.000 euros adicionais. Total asignación: 2.100.000 euros.
- PSTD Fragas do Eume: 105.000 euros adicionais. Total: 1.605.000 euros.
- ACD – Senda Litoral de Galicia: 685.000 euros adicionais. Total: 3.910.000 euros

A reasignación solicitada foi aprobada pola Resolución de 1 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Turismo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

